



C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOECHE O DIA 16 DE ABRIL DE 2015**

No Salón de Sesions da Casa do Concello de Moeche, sendo as 8 horas e 30 minutos do día 16 de abril de 2015, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Xulio Cribeiro Garcia, reunense os Srs./as Concelleiros/as que se citan:

- D. Roberto Bouza Sedes.
- D. M^a Luz Lopez Lopez
- D. M^o Pilar Carballal Pita
- D. Beatriz Bascoy Maceiras
- D. Jorge Juan Brañas Castro
- D. Jorge Gonzalez Aneiros
- D. Aquilino Sueiras Dopico

Non asisten, presentando escusa:

- D. Magin Fernando Lago Tuimil

Asistidos da Secretaria da Corporación D. Consolación Couce Calvo, co obxecto de celebrar sesión ordinaria para a que foron previamente citados, constando en Secretaría o recibí de citación á sesión por parte de tódolos membros que o compoñen.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos, conforme á orde do día que figura na convocatoria de citación á sesión

**1.- VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADA PARA TOMAR PARE NA
LICITACION DA OBRA DENOMINADA ACONDICIONAMENTO ENTORNO
ZONA NAVES EN CAMPO DA FEIRA DE SAN RAMON E OUTROS**

Visto o procedemento instruído para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade da obra denominada "*Acondicionamento entorno zona naves do campo da feira e outros*" e vista igualmente o acta da mesa de contratación celebrada o día 13 do mes a correr, e en armonía coa mesma, o Pleno da Corporación, con SEIS (6) votos a favor, e DUAS (2) abstencións dos Sr/a Bascoy Maceiras e Brañas Castro, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Declarar como oferta mais vantaxosa, de acordo cos informes obrantes no expediente e os criterios do Prego de condicións, a presentada pola empresa **Construcciones**



Francisco Gomez y Cia. S.L. polo prezo de 75.000,00 euros, mais o 21 % de IVA, (15.750,00 €), facendo un total 90.750,00 euros .

SEGUNDO.- Requirir a **Construcciones Francisco Gomez y Cia. S.L.**, licitador que presentou a oferta máis vantaxosa, na licitación convocada para a contratación da obra de **Acondicionamento entorno de naves en campo da feira de San Ramón**” para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación:

- A documentación establecida na cláusula 12.1 do prego de condicións que rexe a contratación.
- A documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social
- A acreditación de ter depositada a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.
- A acreditación de que dispón efectivamente dos medios que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2.

De non cumprimentarse o requirimento no prazo sinalado, se entenderá que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación á licitador seguinte, pola orde en que resultasen clasificadas as ofertas.

TERCEIRO.- Unha vez realizados os trámites anteriores, darase conta novamente o Pleno da Corporación para que proceda a resolver ao respecto.

:

2.- VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADA PARA TOMAR PARE NA LICITACION DA OBRA DENOMINADA MELLORA CAPA DE RODAXE MERCADO DE MOECHE E OUTRAS

Visto o procedemento instruído para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade da obra denominada **“Melora capa de rodaxe mercado de Moeche e outras”** e vista igualmente o acta da mesa de contratación celebrada o día 13 do mes a correr, e en armonía coa mesma, o Pleno da Corporación, con SEIS (6) votos a favor e DUAS (2) abstencións dos Sr/a Bascoy Maceiras e Brañas Castro, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Declarar como oferta mais vantaxosa, de acordo cos informes obrantes no expediente e os criterios do Prego de condicións, a presentada pola empresa **Construcciones Francisco Gomez y Cia. S.L.** polo prezo de 178.000,00 euros, mais o 21 % de IVA,





C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

(37.380,00 €), facendo un total 215.380,00 euros .

SEGUNDO.- Requirir a *Construcciones Francisco Gomez y Cia. S.L.*, licitador que presentou a oferta máis vantaxosa, na licitación convocada para a contratación da obra de *Mellora capa de rodaxe mercado de Moeche e outros* para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación:

- A documentación establecida na cláusula 12.1 do prego de condicións que rexe a contratación.
- A documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social
- A acreditación de ter depositada a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.
- A acreditación de que dispón efectivamente dos medios que se houberse comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2.

De non cumprimentarse o requirimento no prazo sinalado, se entenderá que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación á licitador seguinte, pola orde en que resultasen clasificadas as ofertas.

TERCEIRO.- Unha vez realizados os trámites anteriores, darase conta novamente o Pleno da Corporación para que proceda a resolver ao respecto.

3.- APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DO EXEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CREDITOS 3/2015 DE XERACION DE CREDITOS EXTRAORDINARIOS

Visto o expediente instruído para a modificación de créditos no vixente orzamento por importe de 2.351,49 mediante a xeración de créditos extraordinarios, e visto igualmente o ditame da Comisión especial de contas de data 13 do mes a correr, e en armonía coa mesma, o Pleno da Corporación, con SEIS (6) votos a favor e DUAS (2) abstencións dos Sr/a Bascoy Maceiras e Brañas Castro, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 3/2015, na modalidade de crédito extraordinario financiado mediante anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidas, sen que se vexa perturbado o respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:



Orzamento de gastos

Altas en aplicacións de gastos

APLICACION ORZAMENTARIA		DESCRIPCIÓN	IMPORTE €
430	632-02	Admon xeral comercio.- Edificios e outras construcións, edificios comerciais	25.351,49
TOTAL GASTOS			25.351,49

TOTAL GASTOS.- 25.351,49

2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase mediante anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se consideran reducibles sen perturbación do respectivo servizo, nos seguintes termos:

Baixas ou anulacións en aplicacións de gastos

APLICACION ORZAMENTARIA		DESCRIPCIÓN	IMPORTE €
920	227-00	Admon xeral.- Limpeza e aseo	25.000,00
920	221-99	Admon Xeral.- outros subministros	351,49
TOTAL GASTOS			25.351,49

TOTAL BAIXAS OU ANULACIONES DE CREDITOS .- 25.351,49 €

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

No debate deste punto producense as seguintes intervencións:

Sra. Bascoy Maceiras: Primeiro deixar constancia que estamos de acordo con este tipo de actuacións, o que non sorprende e que hai 5 meses aprobouse o orzamento e xa se esta a facer unha modificación deste calado, cando menos hai unha falla de previsión

Sr. Cribeiro Garcia. As veces as circunstancias e as previsións toman camiños distintos, dende un principio temos múltiples proxectos para Moeche e neste caso, e gracias a





C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

colaboración da Deputación Provincial, vai a ser posible unha nova actuación na feira, temos a intención de que nos próximos 4 anos se acondicione completamente o recinto ferial

Sra. Bascoy Maceiras..- Nos tamen estamos de acordo en acondicionar a feira,, pero non a conta do Servizo de axuda no fogar, se as traballadoras do servizo continúan a facer a limpeza non se poden ampliar os usuarios, preguntando canta xente hai en lista de espera para a prestación do servizo

Sr. Cribeiro Garcia, habería que preguntarlle a traballadora social que lista de espera hai, pero o Servizo de axuda no fogar vaise a ampliar proximamente. E, non habendo máis asuntos que tratar polo Presidente levantase a sesión sendo as 9,05 horas do día indicado no encabezamento. Do que eu, Secretaria CERTIFICO

Vº e Pz
O ALCALDE



Asdo. Xulio Cribeiro Garcia

A SECRETARIA



